

FEIRA DE ECOLOXÍA E ARTESANÍA 2021

BASES PARTICIPACIÓN

Alameda Nova, CANGAS DO MORRAZO,

25 e 26 de setembro

En paralelo á celebración da **Mostra do Posible**, o próximo 25 e 26 de setembro celebrarase en Cangas do Morrazo a **Feira de Ecoloxía e Artesanía**.

Para participar será necesario cubrir un **formulario de preinscrición** no enlace <https://forms.gle/ZrzQ3SbSz2HLFy9K9> que tamén podedes atopar na web www.mostradoposible.gal

O número de postos é limitado polo que vémonos na obriga de seleccionar aos proxectos participantes. Esta selección realizarase en función dos seguintes **criterios**:

1. Produción ecolóxica, artesá ou segundos usos.
2. Proximidade: residir cerca de Cangas.
3. Ter participado noutras edicións desta feira.
4. Valorarase a carta de artesá ou o certificado de produción ecolóxica, preferentemente mediante algún Sistema Participativo de Garantía.
5. Valorarase a participación nalgún colectivo relacionado coa proposta do posto.
6. Intentarase que non se repita a mesma temática. Neste caso, a igual cumprimento dos anteriores criterios decidirase por orde de inscrición.

Coa intención de centrar o obxectivo da feira, non se permitirá a participación de produtores que non encaixen como postos de produción ecolóxica, artesá ou segundos usos.

Cubrir o formulario de preinscrición non da dereito á participación.

A organización porase en contacto cos participantes que cumpran cos anteriores criterios ata completar o aforo. **AS PROPOSTAS QUE NON FORAN CONTACTADAS POLA ORGANIZACIÓN, COMO MÁXIMO O DÍA 15 DE SETEMBRO, NON FORON SELECCIONADAS POLO QUE NON PODERÁN PARTICIPAR ESTE ANO NA FEIRA.** Establecerase unha lista de

FEIRA DE ECOLOXÍA E ARTESANÍA 2021

suplentes que poderán ser contactados en caso de baixa dalgunha das propostas seleccionadas.

As iniciativas seleccionadas deberán aportar unha **cota de 50 €** para colaborar nos gastos que implica a organización, mediante a que se formalizará a inscrición.

En caso de que o proxecto participante **solicite a devolución da cota** pola imposibilidade de asistir, ou en caso de que a organización deba suspender a feira por causas de forza maior (p. ex: alerta meteorolóxica, modificación da situación sanitaria,...) devolverase o 80% da cota aportada. Deste xeito, preténdese facer fronte aos gastos ocasionados.

A Feira terá lugar na Alameda Nova de Cangas do Morrazo os días 25 e 26 de setembro en **horario de 11:00-21:00**. A organización non garante que os postos contén con toma de electricidade nin alumeadado, máis aló do alumeadado público. Por este motivo límitase o horario nocturno, mais non será necesario desmontar os postos pola noite. En caso de forza maior e para evitar a súa suspensión, podería variar a localización da Feira mais garántese a realización nunha zona céntrica do concello de Cangas.

Para a celebración da Feira tomaranse tódalas medidas que marque o **protocolo COVID** e pedirase a colaboración dos participantes no mellor cumprimento do mesmo.

A organización encargárase de asignar espazos para situar os postos e publicitar a Feira de Ecoloxía e Artesanía. As persoas que reserven os espazos encargárase de dispor o necesario para montar o seu posto (mesa, toldo,...). **Será obrigatorio fixar as carpas ou toldos mediante pesos e cordas.**

A organización non se fai responsable dos artigos expostos nin da xestión dos mesmos. Cada posto será responsable da limpeza final do espazo que ocupou.

info@mostradoposible.gal